



TERESA NOVOA/ENJAMIO

Os ilustradores Enjamio e Teresa Novoa son os encargados de recrear as historias máxicas e os seres imaxinarios de «Contos maravillosos»

«Contos maravillosos I e II» inicia a nova colección de Xerais, que pretende recuperar as narracións orais

«Cabalo buligán» convida ós lectores a contar e oír historias

«Todo o patrimonio literario deriva, en orixe, da tradición oral». Nesta frase resúmese a filosofía que inspira a nova colección da editorial Xerais, «Cabalo buligán», e que pretende «dar fe da vixencia» do conto oral. Os seus directores, Xosé Miranda, Xoán Cuba e

Antonio Reigosa, levan anos recollendo o seu material nas vilas galegas para elaborar narracións nas que latexa a pegada da cultura galega. Agora ven a luz nos dous volumes «Contos maravillosos», historias de maxia e de seres imaxinarios.

LUGO. JESÚS FRAGA
Redacción

«Cabalo buligán» é o nome da nova colección que a editorial Xerais presentou esta fin de semana no Círculo das Artes de Lugo, e que «pretende dar fe da vixencia do conto

oral», segundo os seus directores, os escritores Xosé Miranda, Xoán Ramiro Cuba e Antonio Reigosa. Os tres forman parte do Equipo Chaira, que leva anos recollendo relatos orais en concellos lugueses.

Os responsables de *Cabalo buligán* fan fincapé no papel

fundacional das narracións orais, sobre as que se asentan «as obras de arte da literatura escrita». Son historias que «son os nosos contos, os que se mantiveron de boca en boca, pero descoñecidos para os lectores galegos». Por tanto, Miranda, Cuba e Reigosa saben

que aínda que «non son exclusivos de Galicia, teñen a nosa pegada e a nosa forma de entender o mundo».

Na mesma opinión coincide o director de Xerais, Manuel Bragado, para quen os contos orais «entroncan a tradición co contemporáneo».

Os contos da manta que viaxa a Roma ou da árbore que canta

Os dous volumes de *Contos maravillosos* inician a colección «Cabalo buligán». Cada un dos libros contén tres contos de maxia ou cunha forte presenza do imaxinario, e a editorial ten proxectos para sacar á rúa novas obras cada semestre.

Contos maravillosos, I ábrese coa historia *O paxaro que fala, a árbore que canta e a auga dourada*, a versión literaria dunha narración que foi recollida na Pontenova.

Nestes libros non faltan os elementos máxicos: en *Manta en Roma* atopamos un fardelo no que nunca se esgotan os cartos, unha corna que cando se sopra convoca un exército, ou a propia manta que leva a un ó lugar que desexe. Asemade, dáse noticia dunha gaita que fai bailar a todo aquel que a escoite.

En *Contos maravillosos, II*, aparece o Demo en *Xanciño o oso*, e tamén unha Dema en *Brancaflor*. De tódolos relatos se adxuntan notas que aclaran datos de recollida ou doutras versións que poideran atoparse en Galicia ou noutras zonas. Os libros están ilustrados cos debuxos de Teresa Novoa o primeiro, e de Enjamio o segundo.